



Área / Unidade EDUCACION ED0000 MAMF	Documento 2361AI01XQ	
Código de verificación 	Expediente 236/2026/154	
302C 0N14 6B2Y 0B14 158A	Fecha 19-08-2026	

Asunto:

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS NORTEAMÉRICA 2027-2028

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, da que depende o Servizo de Educación, convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2027-2028", que ofrece ao alumnado de 4º da ESO, residente na cidade da Coruña, a posibilidade de cursar o grao 11, equivalente a 1º de Bacharelato—, nun instituto de Canadá.

Estas bases están condicionadas, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato da xestión do programa educativo municipal Bolsas Norteamérica 2027-2028.

1. OBXECTO

O obxecto destas bases é convocar, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas para a realización do curso de 1º de bacharelato en Canadá, durante o curso escolar 2027/28.

As bolsas están destinadas ao alumnado residente na cidade da Coruña e matriculado nun centro educativo da cidade durante o curso 2026/2027 en 4º de ESO.

O número definitivo de bolsas convocadas dependerá da licitación do contrato de servizos de xestión deste programa. Estímase un total de 30 bolsas. Non obstante, na resolución definitiva indicárase o número exacto.

O financiamento estimado da dita prestación de servizos para a xestión destas bolsas ascende a 648.723,11€, con cargo á aplicación orzamentaria 60.326.227.35. Non obstante, o propio desenvolvemento do programa e o seu importe total final queda condicionado en todo caso ás disponibilidades orzamentarias aprobadas no orzamento municipal para este fin.

As bolsas son axudas en especie. O importe total da axuda dependerá do número total de bolsas ofertadas e do importe que, non seu caso, deba abonar a familia.

2. DESCRICIÓN

A estadía en Canadá comeza a finais de agosto de 2027 e finaliza en xuño de 2028, incluídas as vacacións escolares de Nadal e Semana Santa. As datas de saída e regreso varían en función do estado ou territorio de destino.

As persoas beneficiarias das bolsas comprométense, coa súa aceptación, a cumprir co establecido nestas Bases.

Para que o programa se entenda cumprido, é obrigatorio cumprir coa estadía en Canadá durante todo o curso escolar (de agosto a xuño), salvo causa de forma maior debidamente xustificada. En caso



contrario, considerarase abandono do programa e será causa de reintegro do importe da bolsa concedida. Isto está motivado porque se trata dun procedemento de concorrência competitiva polo que a aceptación dunha axuda cando se coñece que non poden cumprir as condicións destas Bases dá lugar á perda da bolsa a outra persoa que tamén participa na convocatoria.

O programa inclúe:

- a) **Estadía en Canadá** durante o período correspondente a un ano académico neste país, **vivindo cunha familia residente**. A efectos do cumprimento das Bases, debe considerarse que a saída se pode producir a partir do día 15 de agosto de 2027 e a chegada o 30 de xuño de 2028, con independencia de que os períodos reais poidan ser inferiores.
- b) **Escolarización nun centro educativo de Canadá** (*High School*), en réxime de libre elección das materias ofertadas que mellor se correspondan co nivel de 1º de Bacharelato do sistema educativo español, dentro do marco normativo establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a validación destes estudos.
- c) Organización de **xornadas informativas** para o alumnado participante no programa.
- d) Tramitación e obtención do **visado de entrada en Canadá**, en Madrid, ademais das probas biométricas necesarias, incluíndo a viaxe de ida e volta do alumnado. A tramitación do visado realizarase logo da resolución definitiva, meses antes da saída a Canadá (mes de abril ou maio de 2027) polo que para a súa tramitación, as persoas que resulten beneficiarias deben ter en vigor nesas datas toda a documentación necesaria (NIF, NIE, Pasaporte, permiso de residencia, etc.).
- e) **Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende Coruña até a poboación de destino en Canadá** para cada participante.
- f) **Seguimento e control da vida dos/das menores** na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.
- g) **Validación dos estudos** realizados polo alumnado en Canadá ante a Administración Educativa. Cómpre indicar que o Estado español pode non validar os estudos no caso que os/as estudantes beneficiarios/as da beca non aproben todas as materias no país estranxeiro.
- h) **Asistencia sanitaria e seguro de responsabilidade civil**.
- i) **Cartos de peto** para os gastos persoais do alumnado, por un importe de 120 € mensuais, durante os meses de estadía en Canadá.
- j) **Cartos de preparación da viaxe**, por un importe de **400 euros en pago único**, para o alumnado valorado con 10 puntos no criterio de baremación de situación económica da unidade familiar (reda per cápita). O importe deberase facer efectivo con carácter anticipado á viaxe.



3. PERSOAS BENEFICIARIAS

As bolsas están destinadas ao **alumnado matriculado en 4º de ESO durante o curso 2026/2027** dos centros educativos do termo municipal do Concello da Coruña.

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos, **que deberán acreditar no momento de realizar a súa solicitude**, e que son imprescindibles para a correcta tramitación do visado e permiso de estudos en Canadá:

a) **Residir e estar empadroadado** na cidade da Coruña (coa súa nai, pai ou representante legal) dende, polo menos, o 1 de xaneiro de 2025.

A residencia na cidade da Coruña deberá ter unha vixencia suficiente como para poder realizar toda a tramitación de visado e permiso de estudos e poder volver á cidade da Coruña con garantías suficientes para a persoa menor de idade. Polo tanto, como mínimo a residencia debe ter validez ata o 30 de xuño de 2028

En canto á documentación a aportar:

- No caso de padrón, poderase permitir ao Concello da Coruña a súa comprobación.
- No caso de permiso de residencia, deberá ser aportado no momento da solicitude.

b) Estar en posesión do **documento nacional de identidade** (NIF) ou **número de identidade de estranxeiro** (NIE), ambos en vigor.

No caso de resultar beneficiario/a deberá aportar para a tramitación do visado e permiso de estudos, o pasaporte en vigor. A data prevista para realizar este trámite é abril ou maio de 2027.

c) Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 7 puntos ou mais e non ter ningunha materia suspensa.

e) Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).

f) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito será comprobado só no caso de resultar adxudicatario, podendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluído por non cumprir este requisito.

Todas as condicións débense manter dende a data de solicitude ata a finalización do programa (30 de xuño de 2028).

4. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude de participación no programa, xunto coa documentación complementaria do expediente, deberá presentarse no rexistro municipal ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei



39/2012, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Con carácter previo á presentación da solicitude, a persoa solicitante deberá cubrir a ficha específica do programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA" na páxina web municipal www.coruna.gal/educacion.

Logo de completar o rexistro en liña da dita ficha específica, o sistema elabora un xustificante de confirmación (**documento PDF**) que se envía ao correo electrónico facilitado. Este xustificante ten un número de **asignación (ID)**, que será o de referencia de cada expediente no procedemento.

O rexistro en liña da ficha específica do programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA" non terá en ningún caso valor de solicitude da bolsa se non se presenta nos rexistros municipais, ou no rexistro electrónico (a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/rexistro-electronico>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). En consecuencia, só serán válidas as solicitudes presentadas a través dos rexistros anteditos.

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña**.

Deberá xuntar a solicitude, con carácter obrigatorio, a seguinte documentación:

- a) Xustificante de confirmación da inscrición da solicitude en liña (documento PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición) **asinado pola persoa solicitante e os proxenitores ou representantes legais do menor, de ser o caso**.

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante autoriza a consulta que acredita o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias, salvo oposición expresa e motivada:

- Datos tributarios da unidade familiar.
- Empadramento no Concello da Coruña.

No caso de oposición á consulta, a persoa solicitante deberá presentar a dita documentación xunto coa solicitude.

- b) **Certificado académico** das cualificacións correspondentes a **3º da ESO** do curso académico 2025-2026.
- c) **Certificado de matrícula do curso 2026-2027**, onde conste nome da persoa solicitante, datos do centro e curso no que estea matriculada.
- d) **Libro de familia** completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que verifique o dito vínculo.
- e) **Copia do NIF/NIE** da persoa solicitante e de todas as persoas incluídas na unidade familiar.
- f) Padrón ou autorización de consulta e, non seu caso, permiso de residencia.
- g) No caso de existencia de custodia compartida ou exclusiva, debe aportarse unha copia da sentenza ou convenio reguladora na que se establezan as medidas paterno-filiais, que en todo caso debe ser a máis recente.

De ser necesario, algunha outra documentación ou sentenza xudicial que poida ser relevante para este caso e que queira ser aportada por algunha das partes.

- h) No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta dos datos tributarios: certificacións expedidas pola AEAT das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta,



correspondentes ao exercicio 2025, ou a certificación expedida pola AEAT acreditativa da situación de non ter a obriga de declarar, de ser o caso.

- i) No caso de que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen NIF ou NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país): deberá presentarse unha declaración xurada dos **ingresos obtidos durante o ano 2025**, así como da súa procedencia, acompañada dun informe de vida laboral e copia das nóminas do ano 2025, no caso de traballo por conta allea; ou declaracións tributarias trimestrais do ano 2025, no caso de traballo por conta propia.
- j) **No caso de discapacidade** da persoa solicitante: certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- k) **Situación de violencia de xénero.** Acreditación a través de calquera dos medios establecidos no art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Deberá presentarse un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.
- l) No caso das persoas solicitantes que se atopan en situación de **acollemento familiar**: copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.
- m) **Familia numerosa**: copia do título de familia numerosa, expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou órgano competente, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- a) **Familia monoparental**: copia do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou órgano competente,

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documentalmente, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido nesta convocatoria.

O Servizo Municipal de Educación poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, calquera ou documentación complementaria en relación co cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

5 . INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O órgano competente para a iniciación e resolución do procedemento será a persoa titular da concellería delegada responsable da Área de Educación, de conformidade co previsto no artigo 10 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña o 16 de agosto de 2024 (BOP núm. 157).

A ordenación e instrución do procedemento realizarase pola xefatura do Servizo Municipal de Educación. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.



Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o servizo competente, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de tódolos requisitos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta, en cuxo caso deberán as persoas interesadas presentar os documentos.

5.1 Publicación das solicitudes recibidas e emenda da documentación

Logo de recibir todas as solicitudes, publicarase a listaxe coas solicitudes presentadas, con indicación das admitidas e excluídas no procedemento. As solicitudes excluídas deberán ser motivadas.

Abrirase un **prazo de 10 días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte da publicación desta listaxe, para que se presenten **alegacións** contra esta lista.

Ademais, contarase o mesmo prazo de 10 días hábiles para a **emenda** da documentación requirida, de ser o caso.

No caso de que as persoas interesadas autorizaran a consulta de datos, pero esta non fora posible, requirirase ás persoas interesadas para que xunten ao seu expediente os documentos correspondentes.

Non será posible nesta fase do procedemento autorizar novamente a consulta cando esta resultara fallida inicialmente pola existencia dunha incidencia na administración que posúe os datos a consultar.

Se non se presenta a documentación requirida no prazo establecido ou se a documentación aportada non é correcta, terase por desistido da solicitude, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.2 Avaliación da documentación presentada

Unha vez revisada e completada a documentación, a valoración das solicitudes corresponderá á **Comisión de Avaliación**, que aplicará o baremo establecido nesta convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que elevará ao órgano instructor.

A Comisión de Avaliación, nomeada pola persoa titular da concellería delegada responsable da Área de Educación, estará composta por catro persoas funcionarias do Servizo Municipal de Educación, unha das cales, exercerá de secretaria:

- Presidencia: xefatura de sección ou superior.
- Vogais: dúas persoas técnicas do Servizo Municipal de Educación.
- Secretaría: unha persoa técnica ou administrativa do Servizo Municipal de Educación.

5.3 Proposta de resolución provisional

O órgano instructor, á vista do informe anterior, formulará proposta de resolución provisional mediante informe motivado.

Na proposta de resolución provisional indicárase:

- Persoas propostas como beneficiarias.
- Persoas en lista de agarda.
- Persoas con axuda denegada.

5.4 Apertura do trámite de audiencia



Contra a proposta de resolución provisional abrírase un trámite de audiencia no prazo de **10 días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte ao de publicación desta proposta, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, á proposta de denegación da axuda ou outras circunstancias. Non se admite no trámite de audiencia a aportación de documentación que non se aportara na fase de emenda, nin se admitirá ningunha outra documentación que non obrase xa no expediente e que poida dar lugar a un cambio na puntuación inicial.

5.5 Avaliación definitiva e proposta de resolución definitiva

Logo de examinar as alegacións presentadas, a Mesa de Avaliación realizará un informe final que elevará ao órgano instructor e que será tido en conta para elaborar a proposta de resolución definitiva.

A proposta de resolución definitiva indicará:

- a) Persoas beneficiarias, sinalando as puntuacións alcanzadas.
- b) Persoas que, cumprindo os requisitos da convocatoria, non alcanza o número de orde que lle permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.
- c) Persoas non admitidas na convocatoria por non cumprir cos requisitos para participar no programa, con indicación da causa de exclusión.

A proposta de resolución será elevada ao concelleiro responsable da Área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica para a súa resolución. A resolución porá fin á vía administrativa, podendo contra este acordo interpoñer as persoas interesadas:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento no que se resolva expresamente ou ben se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

A firmeza da adxudicación das bolsas quedará condicionada á formalización do contrato coa empresa xestora que garanta a viabilidade do programa e ao cumprimento das condicións e requisitos establecidos na convocatoria.

5.6 Aceptación da bolsa

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de **5 días hábiles** para a aceptación expresa da bolsa.

O escrito de aceptación deberá ser asinado polas persoas proxenitoras ou titores legais (salvo no caso de custodia exclusiva) e deberá presentarse a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Transcorrido o dito prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia á bolsa, podendo realizar chamamentos da listaxe de agarda.

A aceptación da bolsa implica necesariamente a aceptación destas Bases e o seu cumprimento. En caso contrario, producirase causa de reintegro da axuda.



5.7 Chamamento da listaxe de agarda

Para o chamamento da listaxe de agarda, o Servizo Municipal de Educación comunicarase coas familias por teléfono, no número indicado na solicitude e ata 3 veces en horario distinto. Enviarás, ademais, un correo electrónico.

As persoas disporán de 3 días hábiles para achegar a documentación que lle sexa requirida e para dar ou non a súa aceptación expresa.

En todo caso, o chamamento non implica que se obteña praza. A praza definitiva debe estar outorgada mediante resolución expresa do concelleiro de Educación.

Logo de pechar os chamamentos porque o número de prazas está completo, non se continuará chamando da lista de agarda.

6. CONDICIÓNS E DURACIÓN DAS AXUDAS

A concesión da axuda quedará condicionada a que el ou a beneficiaria cumpran todos os requisitos necesarios para a participación no programa, incluíndo os seguintes:

- Que o/a beneficiario/a da axuda aprobe en xuño a totalidade das materias de 4º da ESO.
- Que o/a beneficiario/a acredite o cumprimento da normativa legal con respecto á saída dos menores ao estranxeiro, así como estar en posesión da documentación necesaria para a obtención do visado ou permiso de estudo polo período completo da súa estancia de estudos en Canadá.
- Que exista un fogar de acollida para o menor.
- No caso de persoas con discapacidade, de ser preciso, o Concello da Coruña poderá ofrecer unha alternativa ou axuste razoable para que as persoas con discapacidade poidan estudar en condicións de igualdade na súa estadía en Canadá.

A concesión da axuda está igualmente condicionada ás posibles restricións ou esixencias de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión, así como á concesión por parte das autoridades canadenses do visado ou permiso de estudo.

O Concello resérvase o dereito a non resolver o procedemento establecido nestas bases si, na súa tramitación, danse algunhas das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

A adquisición de dereitos da persoa beneficiaria da bolsa queda condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que dea lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.

A duración da bolsa será dun curso escolar. As datas de inicio e finalización serán fixadas polo Servizo de Educación en función da programación dos centros de destino e non poderá ser alterada polos/as beneficiarios/as salvo causa de forza maior, previa autorización do Servizo.

7. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

A selección do alumnado participante realizarase por parte do Concello en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección efectúase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.



O procedemento para a selección do alumnado iniciárase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello, que se publicará na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A notificación e publicidade de todos os actos e resolucións administrativas que se adopten para o desenvolvemento da presente convocatoria realizarase a través do taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

A maiores, o Servizo Municipal de Educación facilitaralles, na dita páxina web (www.coruna.gal/educacion), toda a información relevante en relación con este programa ás persoas participantes, sendo responsabilidade destas a consulta desta web para obter a información relativa a listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

Así mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, comunicárase á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) toda a información relativa a esta convocatoria, así como a listaxe das persoas beneficiarias e dos importes das axudas concedidas, cos efectos que correspondan, en especial no ámbito tributario.

8. CRITERIOS DE VALORACION DAS SOLICITUDES

8.1. Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo por tal a composta, no momento da solicitude, pola persoa solicitante, os seus irmáns/irmás solteiros menores de 25 anos ou maiores de idade incapacitados xudicialmente conforme á lexislación anterior á Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, ou respecto dos que se estableceran xudicialmente medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores despois da entrada en vigor desta lei que convivan no mesmo domicilio e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

8.2. A valoración das solicitudes realizarase en concorrencia competitiva mediante comparación das solicitudes presentadas, e virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- Cualificación media en 3º curso da ESO.
- Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º curso da ESO.
- Situación económica da unidade familiar nuclear.
- Situación socio familiar.

8.3 Cualificación media en 3º curso da ESO. Ata 8 puntos.

Tendo en conta o requisito "Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 7 puntos ou máis", obterase unha puntuación de 0,25 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación. Só se computarán as décimas da cualificación académica, despregando as centésimas, tal como se reflicte na táboa seguinte:

Cualificación	Puntos	Cualificación	Puntos
7,0	0,50		
7,1	0,75	8,6	4,50
7,2	1,00	8,7	4,75
7,3	1,25	8,8	5,00
7,4	1,50	8,9	5,25
7,5	1,75	9,0	5,50
7,6	2,00	9,1	5,75
7,7	2,25	9,2	6,00
7,8	2,50	9,3	6,25



7,9	2,75	9,4	6,50
8,0	3,00	9,5	6,75
8,1	3,25	9,6	7,00
8,2	3,50	9,7	7,25
8,3	3,75	9,8	7,50
8,4	4,00	9,9	7,75
8,5	4,25	10,0	8,00

No caso do alumnado matriculado en programas de diversificación curricular a cualificación máxima total a contabilizar para a asignación da puntuación será un 7,0.

8.4 Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º curso da ESO. Ata 5 puntos.

Tendo en conta o requisito "Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés), obterase unha puntuación de 0,15 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación académica, desprezando as centésimas, de conformidade co previsto na táboa seguinte:

Calificación	Puntos	Calificación	Puntos
7,0	0,50		
7,1	0,65	8,6	2,90
7,2	0,80	8,7	3,05
7,3	0,95	8,8	3,20
7,4	1,10	8,9	3,35
7,5	1,25	9,0	3,50
7,6	1,40	9,1	3,65
7,7	1,55	9,2	3,80
7,8	1,70	9,3	3,95
7,9	1,85	9,4	4,10
8,0	2,00	9,5	4,25
8,1	2,15	9,6	4,40
8,2	2,30	9,7	4,55
8,3	2,45	9,8	4,70
8,4	2,60	9,9	4,85
8,5	2,75	10,0	5,00

No caso do alumnado matriculado en programas de diversificación curricular a cualificación máxima total a contabilizar para a asignación da puntuación será un 7,0.

8.5 Situación económica da unidade familiar nuclear. Ata 10 puntos.

O cálculo da situación económica virá determinado pola renda anual da unidade familiar nuclear, que se obterá da suma dos ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar, de acordo coas seguintes circunstancias:

- No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa compartida por ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose aos dous como membros da unidade familiar nuclear.
- No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa en exclusiva, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, engadíndose as contías das pensións alimenticias, aprobadas xudicialmente, de ser o caso. As ditas pensións actualizaranse segundo o indicado nas resolucións xudiciais correspondentes.
- No caso de que a proxenitora acredite unha situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce



meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda da unidade familiar nuclear.

- d) Nos casos de incumprimento das obrigas do pagamento das pensións alimenticias nas custodias en exclusiva, computaranse só os ingresos do proxenitor custodio.

Para o cálculo da renda anual da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do **exercicio fiscal 2025** de tódolos membros da unidade familiar (Modelo D-100 do IRPF).

Con carácter xeral, sumaranse os importes dos recadros correspondentes á base imponible xeral e á base imponible do aforro do exercicio presentado a efectos de valoración (recadros 435 e 460). En todo caso, consultarase o documento íntegro da declaración do IRPF naqueles casos nos que resulte necesario para resolver as posibles dúbidas na valoración da renda, nomeadamente nos casos en que a consulta de datos de nivel de renda coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT) devolva datos incompletos ou contraditorios.

No caso de que a declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas presentada a efectos de valoración fose na modalidade conxunta para os proxenitores, pero, da configuración actual da unidade familiar nuclear, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse os ingresos correspondentes á dita persoa.

- b) No caso de que as persoas **non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF**, consultarase o certificado de imputación de rendas do exercicio económico a efectos de valoración. Para estes efectos, sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se lle restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.
- c) As pensións de alimentos actuais establecidas nas resolucións xudiciais en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán nos casos de falta de pagamento sempre que se solicitase a execución do título xudicial.
- d) Excepcionalmente, no caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre os ingresos, por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio de renda presentado a efectos de valoración, teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada, da vida laboral e do resto da documentación presentada de conformidade co previsto nesta convocatoria.
- e) No caso de que, logo de realizar a consulta previamente autorizada, a AEAT non facilite os datos económicos das persoas interesadas, por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requiriráselle á persoa interesada para que achegue unha copia da documentación necesaria que permita comprobar a súa situación económica consonte o sinalado neste apartado.

Logo de determinar a renda anual da unidade familiar, aplicarase o seguinte baremo, atendendo ao número de persoas computables da unidade familiar nuclear:

Renta per cápita		Puntos
Desde	Hasta	
0,00	6.000,00	10,0
6.000,01	7.500,00	9,0
7.500,01	9.000,00	8,0
9.000,01	10.500,00	7,0
10.500,01	12.000,00	6,0
12.000,01	13.500,00	5,0
13.500,01	15.000,00	4,0
15.000,01	16.500,00	3,0



16.500,01	18.000,00	2,0
18.000,01	19.500,00	1,0
19.500,01		0,0

A falta de xustificación das circunstancias que permitan determinar a renda anual familiar que corresponda, motivará a non asignación de puntuación neste apartado.

8.6 Situación socio familiar. Máximo 5 puntos.

Atenderase ás seguintes circunstancias socio familiares recollidas na seguinte táboa:

Situación socio familiar	Puntos
Discapacidade do/a alumno/a solicitante	1 punto
Alumno/a solicitante pertencente a Familia numerosa legalmente recoñecida	1 punto
Violencia de xénero da proxenitora e/ou solicitante	1 punto
Situación de acollemento familiar do alumno/a solicitante	1 punto
Alumno/a solicitante pertencente a unha familia coa condición de monoparentalidade	1 punto

8.7 Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, establécense como medidas de desempate os seguintes criterios de baremación:

1. Menores ingresos na renda familiar
2. Maior nota obtida na media de 3º curso da ESO
3. Maior nota obtida no idioma inglés en 3º curso da ESO
4. No caso de persistir os empates dentro de cada grupo, resolverase por sorteo.

8.8 A valoración das solicitudes presentadas farase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e a comprobación da puntuación obtida.

9. ACHEGA DAS FAMILIAS

A participación no programa non implica a gratuidade total para o alumnado. As familias, en función da puntuación obtida na situación económica da unidade familiar (Renda per cápita), e con puntuación de 4 ou inferior, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as porcentaxes sinaladas na seguinte táboa:

Renda per cápita		Puntos	Porcentaxe de achega familiar
Desde	Hasta		
0,00	6.000,00	10,0	Gratuidade
6.000,01	7.500,00	9,0	Gratuidade
7.500,01	9.000,00	8,0	Gratuidade
9.000,01	10.500,00	7,0	Gratuidade
10.500,01	12.000,00	6,0	Gratuidade
12.000,01	13.500,00	5,0	Gratuidade
13.500,01	15.000,00	4,0	5%
15.000,01	16.500,00	3,0	10%



16.500,01	18.000,00	2,0	15%
18.000,01	19.500,00	1,0	20%
19.500,01		0,0	25%

10. EXPULSIÓN OU ABANDONO DURANTE A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

10.1 Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- ✓ Incumprimento das leis do país de destino.
- ✓ Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- ✓ Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- ✓ Automedicación sen autorización médica.
- ✓ Conductas disruptivas.
- ✓ Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes ámbitos tanto no centro escolar coma na residencia das familias de acollida.

10.2 A expulsión do programa suporá o pagamento da viaxe de regreso, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas, sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida conforme o previsto nesta convocatoria.

10.3 No caso de que a persoa participante decidise, pola súa libre iniciativa, abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia, sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida conforme o previsto nesta convocatoria.

10.4 Tanto no caso de expulsión como de abandono do programa, o contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante a viaxe de retorno.

11. REINTEGROS

11.1 Serán causas de reintegro do, de conformidade co artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- A renuncia ou o abandono do programa sen unha causa grave debidamente xustificada. Unicamente entenderase que concorre unha causa grave xustificada naqueles supostos de problemas severos de saúde sobrevidos ou outras circunstancias imprevisibles de forza maior.
- Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe sen unha causa grave debidamente xustificada.
- Non estar en posesión da documentación necesaria para a realización da viaxe.
- A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.
- A expulsión do programa consonte o regulado no apartado 10 desta convocatoria.

11.2 O importe a reintegrar determinarase en función dos custos nos que se incorrera na xestión do programa para a xestión da praza da persoa beneficiaria obrigada ao reintegro, incluídas as mensualidades aboadas en concepto de cartos de peto.

12. RÉXIME XURÍDICO E COMPETENCIA

12.1 A presente convocatoria rexerese pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16 de agosto de 2024 (BOP núm. 157) e, no que sexa de aplicación,



Concello da Coruña

pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolve estas normas.

12.2 De conformidade co previsto no artigo 10 da ordenanza municipal antedita, o órgano competente para a aprobación desta convocatoria de axudas é a Xunta de Goberno Local.

12.3 Ao abeiro do disposto no mesmo artigo 10 da ordenanza municipal antedita, delégase na persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación a resolución desta convocatoria de axudas.

12.4 Igualmente, autorízase e facúltase á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nesta convocatoria de axudas, así como para a corrección dos eventuais erros materiais, de feito ou aritméticos que poidan existir nela, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin desta convocatoria destas axudas.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

13.1. De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

13.2. Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria da xestión do programa municipal "A Coruña no Mundo: Becas Norteamérica", que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos correspóndenlle. Poderán ser igualmente cedidos a outras administracións públicas cando sexa imprescindible para a correcta prestación do servizo ou para o cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

13.3. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, supresión e limitación do tratamento dos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 a 18 da citada Lei, a través do rexistro municipal ou ben na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714>)

14. PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO PROVEEDOR DO SERVIZO

14.1. O pago da axuda realizarase directamente á entidade que xestiona o servizo, por expresa delegación do pago efectuada coa sinatura da solicitude. O pago delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento desta convocatoria.

14.2. O provedor do servizo deberá presentar mensualmente ao Concello as facturas electrónicas que procedan pola prestación do servizo, con indicación do listado de persoas beneficiarias

14.3. Coa sinatura da solicitude autorízase expresamente ao Concello da Coruña a manter as comunicacións necesarias coa entidade xestora do servizo, coa finalidade de acreditar o cumprimento das obrigas da convocatoria e as incidencias producidas no desenvolvemento do programa.



15. OBRIGAS RELACIONADAS COA TRANSPARENCIA DA INFORMACIÓN PÚBLICA

15.1. De conformidade con artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e o artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, publicaranse no Portal de Transparencia do Concello as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo e finalidade.

Os requirimentos de emenda, as propostas provisionais e definitivas e a resolución da convocatoria notificaranse ás persoas interesadas de conformidade co artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal forma que, de conformidade co artigo 45.1.b) da mesma norma a notificación será substituída pola publicación no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello cos mesmos efectos.

15.2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

16. RECURSOS

Contra estas bases e ás resolucións administrativas que se adopten na súa execución, cabe interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial do extracto acordo da aprobación da convocatoria no BOP.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.